politicamundo@galicia-hoxe.com

Pero todos falan inglés non?, asómbrase o presidente americano ó traducirlle as súas palabras ó alemán durante unha roda de prensa con Merkel . Hoxe reunirase con Putin

BUSH NEGA, DE NOVO, KIOTO

Policías antidisturbios tratan de despexar unha manifestación antiglobalización nunha estrada de Nienhagen, para o que usou gases lacrimóxenos, sprays de pementa e canóns de auga

O COMUNICADO FINAL NON INCLUIRÁ LÍMITES Á EMISIÓN DOS GASES DO EFECTO INVERNADOIRO

Efe · Rostock (Alemaña)

O cume dos oito países máis industrializados do mundo (G-8) comezou onte en Alemaña, coa loita contra o cambio climático como tema central. Pero o comunicado final do cume do G8 non incluirá límites específicos á emisión de gases que provocan o efecto invernadoiro, como desexaba a chanceler alemá, Angela Merkel, segundo dixo onte un alto funcionario de EEUU.

"Ata que non teñamos todas as partes sentadas á mesa, non se verá unha meta" para reducir eses gases, segundo dixo onte en Rostock á prensa Jim Connaughton, o principal asesor ambiental do presidente de EEUU, George W. Bush.

Mentres tanto o presidente de EEUU, George W. Bush, expresou onte o seu "gran desexo" de colaborar con Alemaña para chegar a un pacto que suceda ó Protocolo de Kioto, tras unha reunión coa chanceler Angela Merkel.

A primeira reunión de Bush no balneario báltico de Heiligendamm, onde onte se iniciou o cumio do G8, foi coa anfitrioa, con quen abordou a axenda das reunións durante un xantar.

Merkel apostou polo cambio climático como eixe central da reunión e Bush expresou a súa vontade de colaborar con ela, nunhas declaracións xunto á chanceler.

"Veño co gran desexo de traballar contigo en lograr un acordo pos-Kioto", dixo Bush, quen afirmou que os obxectivos son "a redución dos gases que causan o efecto invernadoiro e ter máis independencia enerxética".

O seu antecesor na Casa Branca, Bill Clinton, subscribiu o Protocolo de Kioto, que vence en 2012, pero Bush retirou a firma de Estados Unidos.

Bush dixo onte, nunha entrevista con medios de prensa estadounidenses, que EEUU non aceptará a proposta de Merkel de que o G8 se comprometa a pór un límite ás súas emisións que provocan o efecto invernadoiro.

Merkel, pola súa banda, apuntou que houbo "un debate moi intenso" entre os membros do G8 sobre os temas prioritarios" de cambio climático e o combate á pobreza en África.

Por outra parte, o conselleiro de Seguridade Nacional, Stephen Hadley, dixo onte que o escudo antimísiles que o seu país pretende despregar en Europa do Leste non debería provocar as ameazas de Rusia.

"Non é unha ameaza para Rusia e non debería provocar unha ameaza de Rusia", díxolle á prensa Hadley no cume do G-8 que se celebra en Alemaña.

Rusia ameazou con apuntar os seus foguetes a Europa se EEUU segue adiante co seu plan de instalar un radar na República Checa e baterías con interceptores antimísiles en Polonia.

O funcionario da Casa Branca reiterou que o propósito do dispositivo non é deter un ataque ruso, senón de terceiros países, polo que lle pediu ó Kremlin que coopere con Estados Unidos. O presidente de Rusia, Vladimir Putin, que chegou onte a Heiligendamm, manterá un encontro man a man con Buhs hoxe.

Doutra banda, o presidente de EEUU, George W. Bush, expresou onte o seu asombro de que as súas palabras tivesen que ser traducidas ó alemán durante a súa primeira comparecencia ante a prensa. "Todo o mundo fala inglés, non?", comentou cun sorriso. Merkel, divertida, pediulle que fose "paciente" e indicoulle que se mantivese de pé á súa dereita, no xardín do Hotel Gran Kempinski , onde se celebra o cumio.●

Bush e Merkel, durante o seu encontro de onte no cume do G-8

CONTRACUME

Pedras contra os manifestantes

A Policía alemá usou onte canóns de auga e pedras para dispersar os centos de manifestantes antiglobalización que conseguiron chegar ó valo de 12 quilómetros que rodea o recinto da cidade costeira de Heiligendammen. O portavoz da Policía, Manfred Luetjann, dixo que os manifestantes conseguiran bloquear dúas estradas que levan ó aeroporto de Rostock e tamén romper o coroón de seguridade ao redor do valo que rodea o lugar do cumio.